

# Sobre o escritor Álvaro de las Casas: o seu estraño exilio no 36 e a silenciada segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931; 1936)

## *On the Writer Álvaro de las Casas: His Strange Exile in '36 and the Silencing of the Second Edition of His Book of Poems Sulco e vento (1931; 1936)*

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela  
Departamento de Filoloxía Galega

### RESUMO

*Este artigo presenta ó poeta pouco coñecido e considerado Álvaro de las Casas, centrándose no exilio do poeta no ano 1936 e especialmente no estudio da segunda edición do libro de poemas «Sulco e vento» (1931; 1936). Engádense cinco poemas que tratan o tema cívico e patriótico, publicados na primeira edición do mesmo libro; un artigo do poeta aparecido en «El pueblo Gallego» (Vigo; 7-10-1936) e unha caricatura de Álvaro de las Casas, feita por Luís Seoane e publicada en «Galicia», Buenos Aires, 1940.*

ALONSO MONTERO, X. 2003. «Sobre o escritor Álvaro de las Casas: o seu estraño exilio n. 36 e a silenciada segunda edición do libro de poemas Sulco e vento (1931; 1936)». *Madrygal (Madr.)*. 6: 7-20.

### RESUMEN

*Este artículo presenta al poeta poco conocido y considerado Álvaro de las Casas, centrándose sobre el exilio del poeta en el año 1936 y especialmente en el estudio de la segunda edición del libro de poemas «Sulco e vento» (1931; 1936). Se completa con cinco poemas que tratan el tema cívico y patriótico, publicados en la primera edición del mismo libro; un artículo del poeta aparecido en «El pueblo Gallego» (Vigo; 7-10-1936) y una caricatura de Álvaro de las Casas, hecha por Luís Seoane y publicada en «Galicia», Buenos Aires, 1940.*

ALONSO MONTERO, X. 2003. «Sobre el escritor Álvaro de las Casas: su extraño exilio en 1936 y la silenciada segunda edición del libro de poemas Sulco e vento (1931; 1936)». *Madrygal (Madr.)*. 6: 7-20.

### ABSTRACT

*This article introduces the little famous and not renowned poet Álvaro de las Casas, focusing on its exile from year 1936, and especially on the study of the second edition of his poetry book «Sulco e vento» («Furrow and wind»). It includes five additional poems from its first edition dealing with the civic and patriotic subject, as well as a newspaper article by Álvaro de las Casas published in «El pueblo Gallego» (Vigo; 7-10-1936) and also a caricature of the poet, drawn by Luís Seoane and published in «Galicia», Buenos Aires, 1940.*

ALONSO MONTERO, X. 2003. «On the Writer Álvaro de las Casas: His Strange Exile in 136 and the Silencing of the Second Edition of his Book of Poems *Sulco e vento* (1931; 1936)». *Madrygal (Madr.)*. 6: 7-20.

**SUMARIO** 1. Do «exilio» de Álvaro de las Casas (Álvaro María Casas Blanco). 2. Álvaro de las Casas en Portugal. 3. *Sulco e vento*: da primeira edición (Ourense, 1931) á segunda (Porto, 1936). 4. Máis sobre o «exilio» de Álvaro de las Casas. 5. Referencias bibliográficas. 6. Apéndice.

Desde o 2001, ano do seu centenario, Álvaro de las Casas está a suscitar un certo interese, especialmente en Noia, vila á que estivo vencellado profesionalmente de outubro de 1930 ó verán de 1936<sup>1</sup>. Foi catedrático de Xeografía e Historia no Instituto da vila; tamén foi director do centro algúns anos. En Noia fundou, no ano 1932, a asociación xuvenil galeguista *Ultreya*, que dirixiu con entusiasmo.

Membro do Partido Galeguista desde a súa creación (decembro de 1931), considerouno, en 1933, pouco «arredista», ano no que funda a Vanguarda Nacionalista Galega. Son as datas en que pronuncia no paraninfo da Universidade de Santiago, invitado pola FUE, o discurso «Verbas aos mozos galegos. O momento universitario» (9-3-1933), discurso polo que se lle incoou un expediente administrativo, que foi sobresido. Estudiaio con rigor Antón Capelán<sup>2</sup>.

Profesor, conferenciante, publicista e activista político-cultural, como escritor é autor dunha obra prolífica en galego e en castelán. Foi, desde novo, un estudioso do portugués e da súa poesía. Antólogo da nosa lírica culta e colector da nosa poesía popular, o xénero que máis cultivou en galego foi o teatro. Como poeta en galego é pouco coñecido ou considerado. Os estudiosos citan, de pasada, o libro *Sulco e vento*, de 1931, pero ninguén, que se saiba, ten en conta a segunda edición deste volume, impresa no Porto en 1936, xa iniciada a Guerra Civil. Difire, non pouco, do volume de 1931, como imos ver nun apartado especial.

## 1. Do «exilio» de Álvaro de las Casas (Álvaro María Casas Blanco)

Nado en Ourense o 2 de xullo de 1901, falece en Barcelona o 8 de marzo de 1950, atendido polo seu irmán, tamén poeta, Augusto Casas, que era nesas datas funcionario do Goberno Civil. Atopouse gravemente enfermo poucos días antes de chegar ó porto barcelonés. O día 13 de marzo de 1950 os seus restos foron sepultados en Sabucedo de Montes (Cartelle, Ourense), berce dos seus antepasados.

Álvaro de las Casas era catedrático do Instituto de Noia cando se produciu a Sublevación do Dezaioito de xullo de 1936, que axiña triunfou en Galicia, onde, desde fins dese mes, non houbo máis ca represión, dura represión. (En Galicia, infelizmente, non houbo Guerra Civil). Xa consolidada a nova situación política, as autoridades inician a limpeza no profesorado, gremio especialmente perseguido polos novos gobernantes, o que era coherente cos seus estreitos e monolíticos postulados culturais e pedagóxicos. Desta caza de bruxas non se libra nin Álvaro de las Casas, quen, o 11 de agosto de 1936, é «destituído... en su calidad de profesor» por Fermín A. Mesa. «Delegado de Orden Público»<sup>3</sup>.

Quizais a algúns lectores sorprenda a expresión susodita («Desta caza de bruxas non se libra nin...»), pois profesores menos galeguistas, menos separatistas, foron suspendidos de emprego e soldo. Foi no, se ben en agosto de 1937, o mesmísimo don Ramón Otero Pedra-

<sup>1</sup> Do 2002 é a edición facsimilar de *Matria* (1935), precedida de tres estudos (Dolores Arxóns Álvarez, Xavier Castro Rodríguez, Xosé Agreló Herme).

Algo anterior é o opúsculo de Francisco Abeijón Nuñez (2001) e o número que lle dedicou a revista noíesa *Casa da Gramática* (7, marzo, 2000).

<sup>2</sup> *Contra a Casa do Troia*, II, pp. 25-98.

A orde reproducíase Francisco Abeijón, p. 21.

yo, católico e conservador a ultranza, pero non o foron Vicente Risco e Xosé Filgueira Valverde, conservadores e católicos tamén. O que acontece é que, mentres Otero Pedrayo, cando o Partido Galeguista se une á coalición do Frente Popular, non renuncia ó seu Partido, Filgueira e Risco solicitan a baixa aínda que sexa para constituíren a Dereita Galeguista. Estes dous profesores, un deles, anos antes, moi arredista (Vicente Risco), adoptaron desde o 18 de xullo a actitude grata ós sublevados, que, sabedores de que eran moi de dereitas, desculpáronlle-la súa retórica nacionalista, que nunca exerceron cuestión central—dentro das ringleiras do Frente Popular.

No fondo, é o caso de Álvaro de las Casas. Fóra do Partido Galeguista desde 1933 e sen ningún tipo de adhesión ó Frente Popular, o único que podían reprocharlle as novas autoridades era a súa actitude (máis ou menos retórica) de signo arredista, neutralizada —para as autoridades sagaces— polo seu dereitismo, inherente ó personaxe. A biografía do noso escritor está inzada de xestos que o definen como home aristocratizante, de infulas fidalgas e moi pouco adscrito ás arelas dos pobres do mundo. Empezou chamándose «de las Casas», vencellouse pronto a coñecidos aristócratas de Madrid, interveu activamente na reorganización da orde dos Infanzóns de Illescas e casou en 1928 con dona María Ulloa, propietaria dun pazo en Esposende (Ribeiro de Avia)... A súa obra literaria non só está poboada de fidalgos e de pazos senón que respira gusto pola fidalguía pacega.

Aínda así, Álvaro de las Casas, ó producirse o alzamento do Dezaioito de xullo, ten medo, porque tamén el, na convulsión e arbitrariedades dos primeiros días, pode ser vítima da caza de bruxas. Así as cousas, foxe a Portugal non só por proximidade senón porque alí, sobre todo entre os homes de Letras, ten amigos. Son amigos que, máis ou menos afectos ó dictador Oliveira Salazar, non teñen problemas políticos no seu país e poden botarlle unha man, xesto moi útil naquel Portugal onde tantos galegos republicanos, crendo estaren a salvo da Falanxe española, axiña foron vítimas da Policía política portuguesa e, en moi-

tos casos, entregados á española. Lémbrese, entre outros, o patético caso do lingüista Aníbal Otero.

## 2. Álvaro de las Casas en Portugal

Non hai precisión sobre o inicio do éxodo e as súas circunstancias concretas. Dolores Arxóns escribe ó respecto: «Seguro de que será defido polas autoridades fascistas, foxe a Portugal onde ten amigos que o protexen até a súa marcha ao exilio americano en novembro de 1937» (p. 22).

Non se nos di cando e desde onde «foxe a Portugal». Nós sabemos que a primeiros de xullo estaba en Alemaña como «Enviado especial de *El Pueblo Gallego*», que lle publica a sección «Cartas de Alemaña». Na do día 7, «La agonía de Neptuno», hai unas liñas inquietantes (¿filonazis?), que comentaremos no seu momento. En canto ás datas nas que sae de Portugal rumbo a América, Dolores Arxóns non aduce documentación, razón pola cal, hoxe por hoxe, é preferible aterse a unha páxina de Otero Pedrayo, contemporáneo dos feitos e atento coñecedor do vivir de Álvaro de las Casas: «De Lisboa no mes dos Santos do 36 saíu pró Brasil» (p. 206).

Interesa, ó respecto, a información que nos achega Alberto Vilanova, erudito contemporáneo, en xeral moi ben informado: «En 1936, al producirse el movimiento militar antirrepublicano, Casas huyó a Portugal, y después de ser aquí detenido y conducido a la frontera española, dado el prestigio de que gozaba en el país lusitano, tras un breve y duro forcejeo, las autoridades portuguesas consiguieron rescatarlo y facilitarle su marcha a América»<sup>4</sup>. Supoñemos que a Vilanova cóstanlle estes datos, nunca aducidos —que eu saiba— polos biógrafos posteriores. Fosen como fosen os primeiros días do éxodo en terras portuguesas, non tardou Álvaro de las Casas en participar en actividades gratas ó franquismo, xa a mediados de setembro. O 17 deste mes preside no Porto, con outras personalidades, un «comicio anticomunista», foro no que, ó final, o presidente do mesmo, João Cerveira Pinta, en honra de Álvaro de las Casas, grita «¡Arriba Espa-

<sup>4</sup> *Los gallegos en la Argentina*, II, p. 1346.

nha!», «que é largamente correspondido por toda a asistencia»<sup>5</sup>.

Poucos días despois, entrevistado por *O Comércio do Porto*, «lembra a figura admirábel de D. José Antonio Primo de Rivera, cumulando de elogios»<sup>6</sup>. Noutro número, o xornal portugués engade que «o ilustre escritor e profesor galego D. Álvaro de las Casas, trouxe-nos, pela simpatía que *O Comércio do Porto* lle mercece, o moço e valeroso membro da Falange Española das JONS, D. José Ignacio Ramos...»<sup>7</sup>.

Nun deses comicios anticomunistas che-gou a dicir tales palabras que, recollidas polo *Comércio do Porto*, reproducíunas, días despois, *El Pueblo Gallego* de Vigo. Podería subscribibilas Franco ou calquera xerarca falanxista: «horda comunista», «salvar los eternos valores morales», «nomadismo judaico y depauperado», «lucha de clases, criminal y agotadora», «están en juego la Patria, la Familia...»<sup>8</sup>. Era o 7 de outubro de 1936. Ese día, con esta credencial, podía presentarse na fronteira española coa certeza de que axiña sería empregado polos salvadores das esenciais patrias e cristiás nas tarefas de prensa e propaganda nas que estaban implicados xa, entre outros, Vicente Risco, Álvaro Cunqueira e Felipe Fernández Armesto.

### 3. *Sulco e vento*: da primeira edición (Ourense, 1931) á segunda (Porto, 1936)

A primeira edición saíu do prelo, se nos atemos ó colofón, «na cidade de Ourense, na empresa Lib. Pap. e Enc. da "Industrial" o XXII de xullo, Día de Santa Madanela, de MCMXXXI». A tirada do libro, que consta de 30 poemas, foi de «cen eismprares numerados e asinados polo autor». Figura como editorial Alauda, que publicou outros libros seus.

Este libro de versos, salvo o que diga algún furón da hemerografía menor, non tivo fortuna crítica de importancia. Creio que é signifi-

cativo que non se reseñe en *Nós*, revista na que o noso autor colaboraba, incluso con poemas. Pasado o tempo, Carballo Calero, na súa *Historia da Literatura*, descéndese do poemario nestes termos: «Fóra do teatro, máis que *Sulco e vento*, que reúne composicións en verso de moi distintas clases e pouca ou ningunha novidade, cómpre subliñar as *Xornadas de Bastian Albor*, diario dun fidalgo...»<sup>9</sup>.

Por certo, no número 108 de *Nós* (1932) afirma que «as *Xornadas de Bastian Albor* proban unha vez máis que Álvaro das Casas é un dos nosos mellores prosistas», consideración que, pasada a Guerra Civil, Carballo Calero atenua non pouco<sup>10</sup>.

É significativo tamén que poemas de Álvaro de las Casas non aparezan na *Escolma* de Fernández del Riego (1955), escolma xenerosa con algún que outro autor nin máis poeta nin máis representativo do seu tempo.

Xa aquí, cómpre sinalar que os estudiosos de Álvaro de las Casas —ata onde eu sei— non mencionan a segunda edición de *Sulco e vento* (1936), nin sequera o rigorosísimo Carballo Calero. Todo fai supoñer que escasea, mesmo entre os eruditos. Eu posúo un exemplar, que foi exposto na Mostra bibliográfica de Lugo no ano 1963, mostra que visitou con moita atención, libreta en man, o profesor Carballo Calero. Figuraba na sección 12 («Poesía no século XX»), tal como consigna o correspondente *Catálogo* (1964) na ficha número 560.

Sorprende, e moito, que Claudio Rodríguez Fer non teña en conta esta segunda edición no seu libro *A literatura galega durante a Guerra Civil*. Posto que existen poemas escritos nos primeiros meses da contenda, hai que pensar que non a consultou, máis que pola súa escaseza, por crer que se trataba dunha reimpresión. Titúlase a segunda edición *Sulco e vento. Versos de...*, foi impresa no Porto en 1936 por Edições Alpha e contén 53 poemas. Cotexadas unha e outra edición, axiña nos decatamos de que hai bastantes poemas novos e

<sup>5</sup> *O Comércio do Porto*, 18-9-1936.

<sup>6</sup> *Id.*, 7-10-1936.

<sup>7</sup> *Id.*, 23-10-1936.

<sup>8</sup> *El Pueblo Gallego*, 7-10-1936.

<sup>9</sup> *Historia...*, pp. 720-21.

<sup>10</sup> «Balance...», p. 222.

de que outros foron omitidos, algúns –como imos ver– moi significativos ideoloxicamente. O lusismo gráfico (e aínda máis) caracteriza a totalidade dos poemas desta segunda edición.

Contén esta unha longa dedicatoria, «Ao Dr. A. A. Mendes Corrêa», no inicio da cal o noso autor defínese politicamente:

Neste momento, tan fondamente dramático para a historia do mundo, cuando a minha patria puxa heroicamente por salvar os eternos principios da Europa e eu, orguloso como nunca da minha nacionalidade, sinto renascer en min a mais sublime fe en Espanha, apareza segunda edición de este meu libro – meu único libro de versos – precisamente en Portugal [...]; en este Portugal, xeneroso e fraterno, sempre a compartir con nós triunfos e mágoas».

Está asinada no Porto o 24 de outubro de 1936. Como consigna a data e lugar de composición de moitos poemas, sabemos que nese mes, outubro, escribe, en Foz do Douro, «Sonho». En datas próximas escribe na mesma localidade portuguesa «Minha terra», composición de 26 versos na que cita ata 56 topónimos galegos, «Santos lugares» que son fonte das súas señardades.

Escritor viaxeiro, data poemas en París e Marsella (1934), en Venecia e Roma (1935), en Berlín (1936)... En Berlín está en xuño deste ano e no mesmo mes, xa en Galicia, escribe en Vilagarcía «Santa Marinheira», que dedica a Aquilino Iglesia Alvariño, galeguista nesas datas –cónstanos– lonxe das inxedanzas do Frente Popular.

Hai que supoñer que o libro saíu do prelo en novembro de 1936, o mes no que, segundo Otero Pedrayo, o autor embarcou para as Américas: «De Lisboa no mes de Santos do 36 saíu pró Brasil».

Quen cotexe con coidado os textos das dúas edicións de *Sulco e vento* axiña advertirá, nalgúns poemas, certas modificacións, nunca relevantes ideoloxicamente. O relevante, o verdadeiramente relevante, é a supresión dos cinco últimos poemas da primeira edición, os únicos, decididamente, de tema civil (patriótico, mellor dito), que, por se fose pouco, colocados estratexicamente, van se-los que máis graviten sobre o espírito do lector. Vexamos algúns enunciados deste pentateuco patriótico (patriótico galego):

I. En «Adiante, irmáns, adiante», estánpanse versos coma estes:

O vivir sempre escravos  
eso sí que é vergonza  
[...]  
Galiza ha sere nosa

II. En «Rapaz: / colle o fouciño e ven conmigo á vila», o poema finaliza:

A vila está na man:  
fai a xustiza ti.

III. En «Tanta literatura / xa me vai dando noxo», hai, na primeira estrofa, un alegato contra a literatura de evasión («cantar regatos... vaquiñas... o cheiro dos piñares...»), literatura que dá noxo porque:

... hai unha patria escrava  
[...]  
... baixo a pouta,  
criminal, de estranxeiros  
que sin piedad a rouban.

A esa patria, conclúe, «Hai que facela libre».

IV. En «Irmáns! Os eruditos / cargáronnos de mortos», estamos, en certo modo, ante un alegato contra a erudición académica, obstinada en resaltar feitos e nomes que nos adormecen. Na súa opinión a Historia, «a verdadeira... do meu pobo» comeza agora, connosco, que «faremos a patria... independente, limpa, libre».

V. En «Alento, meu amigo / fai a revolución», por revolución enténdese que:

Galiza está que morre  
e non ha morrer. ¡Non!

Está claro que estes cinco poemas, para os franquistas portugueses que protexían a Álvaro de las Casas, son, como mínimo, improcedentes. Predícase neles un independentismo galego que, confuso e todo, sería intolerable para as novas autoridades galegas, sublevadas, o 18 de xuño, non só contra os «roxos» senón contra os «separatistas», autonomistas incluídos.

Os poemas serían perigosos para Álvaro de las Casas por «separatistas» aínda que non

por «roxos». En ningún deles este fidalgo (consorte) do Ribeiro de Avia fai a menor mención ás clases asoballadas do país e ás súas reivindicacións. Coa «independencia» os galegos deixaremos de ser «escravos» e vítimas dos responsables de tanta infamia, os «estranceiros... [que nos] rouban». Ás veces, o mal non vén de fóra, está dentro, na vila, niño de caciques que zuga as colleitas e a forza da aldea. En ningún momento precisa Álvaro de las Casas que unha gran parte dos caciques son do país e, en moitas ocasións, viven e exercen nas aldeas. A xenreira á vila non é allea, crece, ó feito de que nalgunhas cidades existían obreiros, non poucos con activa conciencia de clase, obreiros que considerarían a Álvaro de las Casas un señorito de dereitas e un escritor, por alieo á máis elemental dialéctica, inimigo do progreso, e, sobre todo, inimigo de clase.

Calquera crudito portugués, dono duns rudimentos de marxismo, chegaria de contado á conclusión de que o escritor Álvaro de las Casas, lonxe de ser un «roxo», era, no seu ideario, unha mestura de aristócrata e falanxista, obstinado en falar das esencias patrias pero dunhas esencias nas que non funcionan as clases como sucesos históricos. Pero todo isto, referido á patria galega en 1931, agora, en 1936, pode ser perigoso para Álvaro de las Casas, consciente da súa «fé en España», que é distinta —el ben o sabe— da España do Frente Popular pola que loitan, en Madrid, sen renunciaren ó seu galeguismo, homes como Castelao. Por certo, na primeira edición de *Sulco e vento* hai un poema aproblemático, «O vento mía alá fóra», dedicado «Pra Alfonso Castelao», poema que desaparece na segunda edición, supoñemos que para non ter que repetir a dedicatoria. Debo engadir que non é o único poema aproblemático que se omite. De tódolos xeitos, as súas amizades son outras, por exemplo, o semifascista Eugenio Montes, a quen lle dedica un poema escrito no 36 en Povo do Varzim. Nun libro de 1946, *España, cuerpo y alma*, Casas dedícalle un capítulo nestes termos: «A Eugenio Montes, a los cuarenta años de inalterable amistad».

Subliñemos que na segunda edición de *Sulco e vento* hai un poema escrito en Bremen, no ano 1936, que sorprende pola dedicatoria: «Para Heinz Haake». Hai outros alemáns nas dedicatorias, como o eminente hispanista Ru-

dolf Grossmann. O do poema de Bremen, de 1936, «Contae, contae me, amigos», non responde a afinidades profesionais ou literarias. Sabemos quen é —e qué era— o tal Haake por un artigo do propio Álvaro de las Casas xa citado, «La agonía de Neptuno»:

La hospitalidad de Bremen es clásica, y nosotros pudimos recibirla bien. Presenciando un ejercicio de los «Hitler Jugend», el rapaz Heinz Haake percibió que éramos forasteros. En el acto pidió autorización al jefe y vino a ponerse a nuestro servicio, brindándonos excelente y cordialísima compañía que no olvidaremos jamás. Ex-présente estas líneas nuestra gratitud conmovida.

Este breve canto á cordialidade dun rapaz nazi revela, quizais, unha certa simpatía a aquela Mocidade Hitleriana, a Hitler. Liñas máis abaixo, referíndose ó seu compañeiro de viaxe, aclara que é «máis galego que el doctor Varela Santos, de *Mittleeuropa*, y más alemán que Goebbels, que aquí se educó del 1920-23». Poner como exemplo de alemán enxebre a Goebbels, o alucinante ministro de Propaganda do Réxime de Hitler, non é unha inocente cita académica.

Non é mal poema o titulado «Beatus ille», de raíz horaciana. Comeza así.

Non hai no mundo felicidade  
como a de ser bon labrador,  
sempre contento no chan propio  
traballando o propio terrón.  
[...]

Ter moito gado pelos lameiros,  
na corte ter os mellores boes...

O labrador, polo que se ve, cando menos, é ricote, tanto que pode ser caritativo:

Ter moito millo para que os pobres  
venhan busca-lo xunto de nós.

E finaliza con esta estampa de bondadoso e respectado señor feudal:

Que ao ver-nos digan nosos vecinhos:  
-o fin é sangue do seu avó.  
E as maes lbe digan aos pequerrechos:  
-dáihe beixinhos que é un gran senhor.

Estas nais e estes veciños, sen dúbida da caste dos pobres que reciben esmolos de mi-

llo, descoñecen o pracer de, traballando «o propio terrón», tercen o elemental e algo máis («cabalo de sete palmos», «cans de caza»).

Este parece se lo soño biográfico de Álvaro de las Casas, un soño de biografía que se inscribe nun contexto de labregos necesitados pero, ó seu modo, felices por dependeren «dun gran señor».

O soño xa o fixera realidade cando casara en Esposende con dama de pazo, dona María Ulloa: dama de pazo e bastantes terras, traballadas por caseiros e xornaleiros ós que don Álvaro falaba, fiel a esencia por el defendidas, en galego, idioma que don Álvaro nunca empregou no seu trato coa señora de Esposende (aínda hai testemuñas).

Sobre o seu dereitismo, como galeguista, é elocuente, ben elocuente, este texto do 17 de xuño de 1936 (escrito, por tanto, nas vésperas do Plebiscito de Autonomía):

No; con el Estatuto en la mano, lealmente, libres de pasión y de prejuicios, no hay manera de impugnarlo. Podrán decir los hombres de derechas: es que ahora el Estatuto va a ser gobernado por las izquierdas. Las izquierdas podrían decir el argumento gemelo si las derechas lo hubiesen plebiscitado después del 6 de octubre, y ni unos ni otros, diciendo esto, dirían nada contra el Estatuto. Más aún: los encargados de administrar el Estatuto serán elegidos en su hora, y «según un sistema de representación proporcional» — el ideal para nuestros hombres de derechas — y es entonces el momento de que nuestros partidos de derechas, encajando candidaturas de prestigio, conscientes de su fuerza, procuren un triunfo que, de conseguir, ningún demócrata puede honradamente regatearles. Y conste que yo no tendré ni cincuenta votos para ser elegido, y temo que no tengan los suficientes para triunfar Otero Pedrayo, Risco, La Sota, Paz Andrade, Gallástegui, García Boente, Díaz Rozas, Filgueira, García Vidal, Candeira, Masó y tantos otros, y bien me gozaría de su victoria, y creo de veras que bien ganaríamos todos con su triunfo, porque seríamos bien administrados y regidos (*El Pueblo Gallego*).

Así finaliza o seu artigo «Monólogo sobre el Estatuto», que é un canto ós homes de dereitas (Filgueira Valverde, La Sota, García Vidal...) e ós ultrarreaccionarios, con Vicente Risco á cabeza. Nesa nómina de políticos ideais para un futuro goberno autonómico ningún está nas ringleiras do Frente Popular,

nin sequera o menos dereitista, Valentín Paz Andrade, quen, nas eleccións do 16 de febreiro, á marxe do Partido Galeguista, fora candidato a deputado cos Centristas de Portela Valladares.

#### 4. Máis sobre o «exilio» de Álvaro de las Casas

Se nos atemos a Otero Pedrayo, Casas emigra de Lisboa a América no mes de novembro de 1936, e non en 1932, como sinala o *Diccionario da Literatura Galega* (Galaxia), que reproduce o incomprendible erro da *Gran Enciclopedia Galega*. No seu periplo sudamericano (Brasil, Chile, Arxentina) vai ser na Arxentina onde realiza unha gran parte do seu labor de docente, conferenciante e autor de libros. Pero o seu nome e a súa actividade nunca se relaciona co labor que levan a cabo os exiliados galegos: nin cos do grupo máis afín a Castelao, nin co grupo do café Tortoni de Buenos Aires (Rafael Dieste, Antonio Baltar, Otero Espasandín, Lorenzo Varela...). É significativo. Vai ser un dos intelectuais máis importantes e activos do café Tortoni, Luis Seoane, quen trace o perfil non republicano e franquista deste exiliado sen causa. O seu nome e a súa caricatura aparecen máis dunha vez, entre 1940 e 1942, na sección «Mercado de las Artes y las Letras», sección que editaba Seoane no periódico *Galicia* da Federación de Sociedades Gallegas (Buenos Aires)<sup>11</sup>. Na primeira das caricaturas figura este pé:

Xentil-home de S. M., Infanzón de Illescas, Monárquico, Republicán, Separatista, Franquista... Solo eisi pode facer «Saber vivir». Ninguén millor. Como os Callamares toma a color que lle convén e como eles, deféndese coa tinta.

Nese gran libro que Otero Pedrayo titulou *O libro dos amigos* (dos amigos mortos), un dos capítulos, fermoso e xeneroso como todos, protagonízao Álvaro de las Casas. Don Ramón, sempre tan caritativo cos amigos, sempre tan disposto a perdoar, escribe ó final da súa semblanza:

<sup>11</sup> Páxinas recolleitas en Seoane, *Mercado...*, 1994.

Do Espolón ourensán e pensando sempre nil. Álvaro cañiñou moito mundo americano. Eu teño, pola súa causa, sufrido, moitas veces descaougoume, endexamáis dei xei de querele... (p. 205).

Supoño que don Ramón coñece a vida e a obra americanas de Casas, autor de libros «de esaltación españolista», como di Carballo Calero (p. 719).

Alberto Vilanova, nesa obra monumental que titoulou *Los gallegos en la Argentina*, dedícalle a Casas catro densas páxinas no extenso capítulo «Los gallegos del exilio». Nun Aristarco das súas lobbias, estraña o entusiasmo dalgúns momentos desta semblanza biobibliográfica. Aínda así, no inicio da mesma, confesa: «Pero no son estos los momentos para poner en relieve los defectos o máculas de quienes han tenido, al menos, el ímpetu germinal de las grandes y nobles cosas» (p. 1315). Son palabras que recordan, en parte, as ditas, anos antes, por Otero Pedrayo.

Este libro, *Los gallegos en la Argentina*, publicábase en Buenos Aires en 1966, o ano e a cidade na que se publica o libro colectivo *Galicia hoy*, que dirixiron Santiago Fernández (Isaac Díaz Pardo) e Maximino Brocos (Luís Seoane). Neste volume, pródigo en pseudónimos, Auverre (Alberto Vilanova Rodríguez) é autor do capítulo «Los exiliados gallegos», capítulo no que non figura, nin mencionado, Álvaro de las Casas.

Cómpre lembrar que *Galicia hoy*, impreso legalmente na Arxentina, foi, en España, de circulación clandestina. Era un libro militante, e nese libro non había un lugar «debcu pensar Vilanova» para Álvaro de las Casas, exiliado sen causa.

Fóra da Terra viviu catorce anos, feito que sorprende a todos aqueles que son sabedores de que o seu discurso público neses tres lustros non só se fixo á marxe dos exiliados senón contra eles, contra as súas razóns. Cando se ausculten os latexos íntimos do seu vivir neste longo periplo fóra de España e do ámbito da súa muller legal, quizais algúns deses latexos teñan que ver coa súa vida amorosa, xa moi difícil para el antes de 1936. Haxa ou non paixóns amorosas importantes en quen, por comenencia, casou, anos antes, con dona María Ulloa, Álvaro de las Casas viviu fóra de España durante catorce anos por razóns que, no esencial, non foron políticas. Xa en Portugal, pasada a primeira treboada represiva en Galicia, o intelectual Álvaro de las Casas, escritor e militante franquista en terras portuguesas, podía retornar ó país co aval de escritores amigos seus, camaradas na causa salazarista. Con exactitude non sabemos por que non o fixo.

Da súa *peregrinatio* portuguesa e hispanoamericana ofrecemos, en Apéndice, tres mostras facsimiladas.

## 5. Referencias bibliográficas

- ABEIJÓN NÚÑEZ, F. (2001): *Álvaro de las Casas. Vida e obra*. Noia, Toxos Outos.
- AGRELO HERMO, X. «O teatro de Álvaro de las Casas. *Matria*». V. ed. facs. de *Matria*.
- ALONSO MONTERO, X. e RAMOS DE CASTRO, E. (1964): *Gen anos de literatura galega. Catalogo da exposición bibliográfica...* Lugo, Círculo de las Artes.
- ARXONS ÁLVAREZ, D. «Vida». V. ed. facs. de *Matria*.
- AUVERRE, V. VILANOVA RODRÍGUEZ, A.
- CAPELAN, A. (1996): «O affaire Álvaro de las Casas». en *Contra a Casa da Troia*. II, Santiago, Laiovento, pp. 25-98.
- CARBALLO CALERO, R. «Balance e inventario da nosa literatura». *Nós*. Ourense, núm. 108, 15-12-1932.
- (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia.
- Casa da Gramática*, Noia, núm. 7, marzo, 2000. Contén:
- ABEIJÓN NÚÑEZ, F. «Álvaro de las Casas».
- AGRAFOXO, X. «Álvaro de las Casas».
- ROMASANTA, A. «O movemento galeguista no tempo de A. de las C.».
- TATO FONTAÍÑA, L. «A. de las C., un dramaturgo esquecido».
- REQUEIXO, A. «A. de las C. e a literatura popular galega».
- AGRELO HERMO, X. «Os "Ultreras"».
- CASAS, Á. de las (1931): *Sulco e vento*. Ourense, Alauda.
- «Monólogo sobre el Estatuto», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17-6-1936.



- «Cartas de Alemania. La agonía de Neptuno», *id.*, 10-7-1936.
- «Palabras de un intelectual español» (traducidas de *O Comércio do Porto*), *id.*, 7-10-1936.
- *Sulco e vento. Versos de...* Porto, Edições Alpha, 1936.
- *España, cuerpo y alma*. Rosario (Argentina), Edición de Arayl, 1946.
- CASTRO RODRÍGUEZ, X. «Notas sobre o teatro galego no período 1916-1936». V. ed. facs. de *Matria. O Comércio do Porto*. Información sobre A. de las Casas en: 18-9-1936, 7-10-1936 e 23-10-1936.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1955): *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia.
- Galicia hoy* (1966). Éditions Ruedo Ibérico (Paris), Buenos Aires, Imprenta López.
- OTERO PEDRAYO, R. (1997): «Álvaro das Casas», *O libro dos amigos* (1953), Vigo, Galaxia.
- RODRÍGUEZ FER, C. (1994): *A literatura galega durante a Guerra Civil*, Vigo, Xerais.
- SEOANE, [Luis] (1994): *Atrevado de las Artes y las Letras (1940-1942)*, Buenos Aires, Federación de Asociaciones Gallegas.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, A. (1966): *Los gallegos en la Argentina*, 2 vols., Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- (co pseudónimo de Auverre). «Los exiliados gallegos». V. *Galicia hoy*.

## 6. Apéndice

(Facsimile de cinco poemas,  
un artigo e unha caricatura)

### I

Os cinco poemas de tema cívico e patriótico publicados na 1.<sup>a</sup> edición de *Sulco e vento* (Ourense, 1931) que non foron acollidos na segunda (Porto, outono, 1936).

Adiante, irmans, adiante:  
todo o por vir é noso.  
Un pulo mais, e a Terra,  
si axuntámol-as forzas,  
ficará sendo libre  
e para sempre nosa.  
Adiante, meus rapaces.  
Alento, irmans!

Na loita  
non importa morrer  
cando se cae con gloria.  
O vivir sempre escravos,  
eso sí que é vergonza.  
O carpido dos bardos  
a redenzón pregoa:  
adiante, irmans galegos!  
Galiza ha sere nosa  
anque se funda o mundo  
para a nosa vitoria.

\* \* \* \* \*

Rapaz:  
colle o gouciño e ven connigo á vila;  
hai moito que guindar.  
E alia ben o ferro.  
O coiro caciquil,  
e mais duro que as pallas de centeo serodio  
que andas ceifando tí.  
Imos faguer colleita  
pra catro sementeiras;  
vai caro o cornicelo,  
e imos coller pra encher  
cantas tullas houbera.

Érguefe, meu amigo;  
á vila imos chegar  
antes que teñan tempo  
de virnos aforear.

Tanto tempo a esperar  
unha pouca xustiza,  
soio unha pouca,  
e nunca quixeron escoitar!  
.....

Ei, teu peito baril!  
A vila está na man;  
fai a xustiza tí.

\* \* \* \* \*

Tanta literatura  
xa me vai dando noxo;  
todo é cantar aos árbres,  
e aos regatos, e aos montes,  
e ás vaquiñas marelas,  
e á tristura dos bois,  
e ao cheiro dos piñares,  
e ao marelo dos toxos.

E hai unha patria escrava  
que morre de congoxas,  
que non pode manter  
aos fillos, baixo a pouta,  
criminal, de extranxeiros  
que sin piedade a rouban.

Hai unha patria, irmans,  
que está a morrerse soia;  
por quen ningúnen repara  
cando dorida chora,  
e dorida recramo  
sin que ningúnen responda.  
Unha patria aldraxada  
mais ferida que as outras,

porque sofre delores  
mais cruéis que todas.

Nosa Terra precisa,  
irmans! das nosas forzas.  
Hai que loitar por ela,  
sin medos, sin acougos.  
Hai que faguela libre.  
Hai que tornala moza!

\* \* \* \* \*

Irmans! Os eruditos  
cargáronnos de mortos.

Tanta historia xa fede,  
esmaga tanto conto;  
xa son moitas fazañas  
e feitos groriosos  
para manter o espírito  
en letárxico sono.  
Hai guerreiros e mártires  
e caudillos de abondo.

E a Historia, a verdadeira  
Historia do meu pobo,  
non comenzou aínda:  
ha comenzar con nosco.  
Nós faremos a patria  
con os nosos esforzos,  
faguéndoa independente,  
limpa, libre.

Un esforzo,  
irmans, e nos seremos  
os pais do noso pobo.

\* \* \* \* \*

Alento, meu amigo,  
fai a revolución;  
dille a estas xentes todas  
como é o combate bó,  
e xúntanos a todos  
en guerreira lexión.  
Adiante, que xa é tarde.  
Berra sin compasión.  
Galiza está que morre  
e non ha morrer. Non!  
Si por ela precisase  
que nos morramos nós,  
á morte todos xuntos  
temor de ir, e Dios  
coroará nosas fronte  
de coroas de froil.  
E morreremos ledos,

cantando unha canción.  
cal morrían os gregos  
do século millor.  
Agroría, irmans galegos,  
está en morrer por vós.

7 OCTUBRE DE 1936.

PAGINA 5

## PALABRAS DE UN INTELLECTUAL ESPAÑOL

**Alvaro de las Casas dirige por intermedio de "O Comercio do Porto", una vibrante exhortación a los nacionalistas portugueses**

Traducimos del gran rotativo portugués, en su edición del 3 de los corrientes:

"Alvaro de las Casas, el ilustre escritor gallego, cuyos sentimientos lusófilos son bien conocidos de todos los portugueses cultos, nos dedica las palabras siguientes, que son reflejo de la emoción que le causó el verbo nacionalista de los oradores del gran comicio anticomunista, celebrado recientemente en esta ciudad con el gran éxito que "O Comercio do Porto" destacó:

—De alguna manera quiero unir mi voz—clara, rotunda, viril—a esta gran manifestación de la ciudad que cantó himnos triunfales en su avance espléndido contra la horda comunista. Llegó el gran día de Europa. Como antaño contra el peligro islámico, que amenazaba arrasar los campos multifecundos de los viejos imperios, los pueblos que hoy tienen conciencia de sí y repudian nefandas claudicaciones serviles, se juntan otra vez para salvar los eternos valores morales, reverdecer los inmarcesibles laureles de nuestras historias gloriosas y reafirmar la soberana hegemonía del espíritu. España es otra vez trinchera y clarín de europeidad.

Es preciso que todos y cada uno de nosotros tengamos conciencia plena de la férrea y magna empresa que nos es dado realizar. Estamos ante la lucha titánica entre las dos más opuestas concepciones del mundo. A un internacionalismo utópico y absurdo oponemos el perfil nítido de nuestras nacionalidades, al nomadismo judaico y depauperado el más firme afianzamiento al suelo patrio, al

ateísmo brutal el principio religioso, al concepto materialista de la vida nuestra sed inagotable de infinito, a la lucha de clases, criminal y agotadora, la más firme cohesión en el Estado, porque todos, ricos y pobres, patronos y obreros, somos parte esencial de un todo indivisible, somos carne y potencia de un cuerpo y alma únicos, somos conjuntamente Historia y Futuro.


Nos toca vivir una de las más grandes horas en la historia de la Humanidad. La guerra está iniciada y no cabe descanso hasta aplastar para siempre al adversario. No caben transigencias ni son posibles silencios. Cada cual ha de ocupar su puesto sin vacilación. El hombre—como el pueblo—que en esta hora de tragedia máxima se afane por permanecer al margen de la contienda, será repudiado por indigno hasta el fin de los siglos. Piense cada portugués, como lo está pensando cada español, que en la pelea están en juego la Patria, la Familia, todo cuanto más podemos estimar en este mundo, y todos aquellos valores morales de los que somos simples transmisores, porque fueron de nuestros padres y solo a nuestros hijos pertenecen. De nosotros depende que Portugal y España vuelvan a ser, como en otros tiempos, categorías de primer orden en el concierto de los grandes pueblos, o pobres colonias rusas al dictado de cualquier asesino soviético, colonias misérrimas destinadas a sucumbir, al fin y al cabo, en el ensueño demoníaco de bolchevizar al mundo.

ALVARO DE LAS CASAS"

III

ÁLVARO DE LAS CASAS

por Seoane



*Xentil, home de S. M., Infanzon de Illeras, Monarquico, Republicán, Separatista, Franquista... Solo eisi pode facer «Sa-ber vivir». Ningún Milloé. Como os Calamares toma a color que lle conven e como eles defendese coa tinta.*

[Galicia, Buenos Aires, Federación de Sociedades Gallegas, 1940]